

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

M. González González (2008): “O novo galego urbano”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 363-374.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

O NOVO GALEGO URBANO

Manuel González González

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

1. O sociolecto “novo galego urbano”

En todas as linguas existen sociolectos, e isto non é bo nin malo, é simplemente unha realidade. Polo tanto a etiqueta “galego urbano” non debería ter connotacións negativas. Pero tenas, e, como veremos, estas connotacións negativas que acompañan este sociolecto non están carentes de fundamento.

Son xa moitos os lingüistas que etiquetan como “novo galego urbano” unha variedade de galego que é a vía de expresión dun número crecente de falantes, maioritariamente urbanos, que teñen na súa maioría o castelán como lingua materna (véx., por exemplo, X.L. Regueira 1999, e Fr. Dubert 2002).

Non todos sinalan os mesmos trazos para caracterizar este tipo de galego, o que non resulta estraño, dado que non se trata dun sistema codificado ríxido, senón dunha modalidade na que están presentes moitos dos fenómenos que veremos de seguido, pero na que non teñen por que estar todos nin seren sempre os mesmos en todos os falantes. Tanto Regueira coma Dubert consideran que esta modalidade posúe unha morfoloxía e un léxico moi próximos ao galego estándar e un sistema fonolóxico, unha sintaxe e unha fraseoloxía moi castelanizados. Non hai dúbida da forte castelanización da fonoloxía, da sintaxe e da fraseoloxía, pero estou convencido de que esta castelanización afecta tamén dunha maneira moi notable á morfoloxía e ao léxico. O que acontece é que na morfoloxía e no léxico é máis doado de incorporar un número reducido de recursos diferenciais con respecto ao castelán que poden producir no

oínte a sensación dun galego estándar ou, máis frecuentemente, dun galego diferencialista. Pero a pouco que se penetre na análise morfolóxica e léxico-semántica dos textos que se poden considerar pertencentes a esta modalidade axiña aflora a presenza do castelán cunha intensidade semellante á que se observa no nivel fonolóxico e sintáctico. O novo galego urbano presenta, xa que logo, unha serie de características que afectan tanto ao plano fonético coma ao morfolóxico, sintáctico e léxico-semántico.

2. Características lingüísticas

Vexamos algunhas das características lingüísticas máis frecuentes ou que podemos considerar como máis identificadoras do novo galego urbano.

2.1. No plano fonético

2.1.1. *Indistinción do timbre das vogais galegas*

Cada vez son máis os neofalantes urbanos que presentan un subsistema vocálico integrado por cinco fonemas, con unicamente tres graos de abertura, no que desaparecen as oposicións /e/-/ɛ/ e /o/-/ɔ/. Esta interferencia do subsistema castelán no galego é un fenómeno relativamente novo, xa que tradicionalmente a interferencia actuaba xustamente no sentido contrario: cando un galego falaba castelán, adoitaba transferir as realizacións habituais en galego ao castelán. Se en calquera lugar de Castela se oía unha secuencia como: “*Yo k[o]mo pescado, ¿tú qué k[ɔ]mes?*” sabíase que quen a emitía, con esta alternancia vocálica, era unha persoa galega. Hoxe nos nosos medios de comunicación oral ou na lingua de moitos dos nosos líderes políticos ou sindicais, e mesmo na boca de moitos profesores podemos oír realizacións como [ˈbeskoˈmiyo], sen sabermos moi ben se se refiren a *vés conmigo?* (do verbo “vir”) ou *ves conmigo?* (do verbo “ver”).

É grave a perda desta oposición, que afecta ao sistema fonolóxico da lingua galega, pero igualmente preocupantes son os argumentos que moitos profesionais da palabra buscan para xustificar o inxustificable e o produto da súa desidia. Con frecuencia aducen que o fan intencionadamente para buscar un galego “neuro”, un galego que non soe a “pailaroco”, argumento xa en por si revelador de moitos complexos arrastrados secularmente e que mostra o aprecio e a estima que aqueles que o utilizan teñen pola lingua deste pobo. En realidade, non coñezo ninguén que faga isto voluntariamente, por máis que o digan como autoxustificación. Hai outros que botan

man dun argumento case antitético ao anterior, o da autenticidade dialectal: é verdade que hai zonas que din [o]llo e outras que din [ɔ]llo, unhas que din n[o]vo e outras que din n[ɔ]vo..., e esta é unha razón respectable, cando se é consecuente cun determinado sistema dialectal: se din n[ɔ]vo tamén deben dicir s[ɔ]gro. O que non poden é sementar ao chou abertas e pechadas sen ningún criterio.

2.1.2. *Non pronunciación do n velar*

Outra realización moi característica do galego é a realización como velar do *-n* final ante pausa, amais dos casos típicos do galego de *n velar intervocálico*, que habitualmente o grafamos con *nh*, e que aparece en palabras como *unha*, *algunha* ou *ningunha*. Agora aparecen xa falantes que polo menos na súa esfera pública utilizan un galego con realizacións sistemáticas do tipo *percorremos u[n]a estrada* ou *con dor do meu corazón[n]*.

O mesmo ca no caso anterior trátase tamén dun fenómeno recente, que tradicionalmente só se podía documentar en casos dalgún castelán que aprendía unhas palabras ou algunha frase en galego, pero que non utilizaba nunca esta lingua como medio habitual de comunicación.

2.1.3. *Conxunción i por e*

O galego posúe unha conxunción copulativa *e*, que se realiza habitualmente como un [ɛ] átono na maior parte de Galicia. Existe unha zona dialectal na que a realización fonética desta conxunción está sometida a un proceso de variación contextual: pronúnciase coma unha semiconsoante palatal cando vai seguida de certas vogais, especialmente das abertas (*o meu [jɔ] teu*) coas que constitúe un ditongo crecente, e pronúnciase como [ɛ] nos demais casos.

Só neste novo galego urbano aparece unha nova realización fonética [i] como vogal (non como semiconsoante) independentemente do contexto fonético no que apareza: así podemos escoitar [*non come i non ten forza*], realización totalmente allea ao galego tradicional, e que se introduciu nesta modalidade nova do galego a través de dúas vías: a influencia do castelán *y e*, quizais nalgúns casos, tamén a influencia da realización portuguesa [i].

2.1.4. *Despalatalización do [j]*

A despalatalización do fonema fricativo prepalatal ou postalveolar xordo é un fenómeno que ten certa presenza en dialectos do galego occidental, en zonas nas que

o /s/ se realiza como predorsodental. Pero, con independencia desta característica dialectal, este fenómeno tamén se observa, aínda que non cun nivel de xeneralización coma outros, no galego urbano. Teño a impresión de que é un fenómeno que empeza a recuar no galego urbano, probablemente debido á influencia exercida polo ensino regrado. Este fonema non existe no castelán, e por iso é un dos elementos do plano fonético nos que adoitan insistir máis os profesores de lingua galega nos distintos niveis de ensino.

2.1.5. *O apego á grafía e á segmentación do castelán no caso de contraccións e amálgamas*

Esta modalidade de galego que estamos describindo aparece fortemente in-fluída pola escritura, e tende a reproducir con modelos casteláns a correspondencia de grafemas e sons que aparecen nesta lingua. No galego popular de toda Galicia a preposición *para* tende a pronunciarse *pra*, a conxunción adversativa *pero* realízase con certa frecuencia [prɔ], o encontro da preposición *para* cos artigos *o(s)*, *a(s)* pronunciábase xeralmente [prɔ], [prɔs], [pra:], [pra:s]. Ningún destes trazos da fala tradicional está presente no galego urbano. Pero non só isto, senón que mesmo se empezan a oír con frecuencia realizacións como [de 'una], [de 'owtro], [con o]... impropias do galego, que xa na mesma grafía representa estes encontros como formas amalgamadas *dunha*, *doutro*, *co...* Igual de preocupante é a tendencia que se observa recentemente a pronunciar [ao] o encontro da preposición *a* e o artigo *o*, que na grafía podemos representar como *ao* ou como *ó*, pero que na lingua galega sempre se pronuncia [ɔ], e así o establecen as *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega*.

2.1.6. *Entoación*

Unha característica da lingua galega fronte ao castelán é o seu esquema prosódico nos enunciados interrogativos. Os enunciados interrogativos absolutos no galego caracterízanse por comezaren nun nivel tonal máis alto ca os enunciativos e por un tonema final descendente, a diferenza do castelán que neste tipo de enunciados presenta un tonema final ascendente. Esta é unha das características que tamén nos identifica con claridade os galegos cando falamos castelán, xa que trasladamos a prosodia da lingua galega á da lingua castelá. Pero recentemente, sobre todo a través da influencia dos medios de comunicación en castelán e en galego, e do galego fortemente castelanizado utilizado por moitos referentes de prestixio social, estase estendendo no galego falado nas cidades o esquema entoativo con tonema final ascendente nas interrogativas absolutas do galego.

2.2. Na morfosintaxe

Sinalarei brevemente, por suficientemente coñecidos, algúns dos trazos morfosintácticos máis característicos do novo galego urbano:

2.2.1. O uso incorrecto do xénero dun gran número de substantivos en que o xénero do galego non corresponde co equivalente castelán. Repítense adoito usos incorrectos en voces tradicionais como **a sangue, *a leite, *o cor*, e máis aínda en voces de incorporación recente coma **o fraude* ou **o sida...* O problema convértese case en cómico cando o cambio de xénero vén dado pola presenza en castelán do artigo feminino *el*, que aparece nesta lingua como alomorfo de *la* cando o substantivo seguinte comeza pola vogal acentuada *a*: *el alma, el aula, el área*. A ignorancia e o desleixo de moitos dos nosos comunicadores sociais, que interpretan este artigo feminino castelán *el* coma se fose masculino, levan a que se escoiten enunciados como *o dianteiro foi derrubado no interior *do área*, ou **un aula con trinta e oito alumnos*.

2.2.2. A formación incorrecta dos plurais das palabras acabadas en *-l*, xerando formas incorrectas como *animales, finales, papeles...*, formación que era frecuente no galego popular xa desde antigo, pero que no galego urbano das xeracións de menor idade é debido á interferencia co castelán, como o é a formación do plural engadindo *-es* dos substantivos oxítonos tipo *israelíes, baladíes, tabúes...*, en vez das formas correctas galegas *israelís, baladí, tabús*.

2.2.3. O uso dos tempos compostos inexistentes no sistema verbal galego é outra característica deste tipo de galego que resulta repulsiva para os oídos de calquera galegofalante normal. Son lexión os falantes desta modalidade de novo galego urbano que utilizan habitualmente as formas perifrásticas do pretérito pluscuamperfecto: *este problema xa o *había denunciado o meu partido*, en lugar de *este problema xa o denunciara o meu partido*; e non faltan aínda os que crean para o galego un pretérito perfecto perifrástico, e rematan os seus discursos cun grandilocuente **hei dito*. Sen comentarios. Empezan a abundar os que, sabendo que non existen as formas compostas co verbo *haber* no galego, tranquilizan a súa conciencia, sen abandonar a presenza subxacente do sistema do castelán, dunha maneira moi simple: alí onde o castelán di *he, has, ha...* eles cambian para *teño, tes, ten...*, onde o castelán di *había, habías, había...* eles substitúeno por *tiña, tiñas, tiña...*, e así sucesivamente. Deste xeito xeran enunciados tan simpáticos como *esta mañá *temos visitado as obras*, en vez de *esta mañá visitamos as obras*.

2.2.4. A acentuación paroxítona das cuarta e quinta persoas do pretérito imperfecto de indicativo, do pretérito pluscuamperfecto ou do condicional está totalmente ausente da fala do novo galego urbano, onde están xeneralizadas *sabíamos, cantábades, fixéramos, producirades, conseguiríamos, responderíades*, en vez de *sabiamos, cantabades, fixeramos, producirades, conseguiríamos, responderíades*, que son recomendadas como normativas galegas.

2.2.5. Outro trazo galego que non ten cabida nesta modalidade de fala é a alternancia vocálica no presente de indicativo de verbos como *seguir* ou *subir*. En vez das alternancias propias do galego *subo / sobes / subimos / soben* ou *sigo / segues / seguimos / seguen* regularízase o radical, do mesmo xeito ca no castelán: *subo / *subes / subimos / *suben* e *sigo / *sigues / seguimos / *siguen*.

2.2.6. Tamén o castelán é o responsable da utilización no galego urbano de formas como *lees, creen*, en vez das galegas *les, cren*.

2.2.7. Ausencia total do infinitivo conxugado. É practicamente imposible oír nesta modalidade de galego un enunciado como *ao chegares ao cabo da aldea, debes coller a estrada da dereita*, ou *cómprennos máis medios para realizarmos este proxecto*.

2.2.8. Está xeneralizada no galego urbano a perífrase *ir + a + infinitivo*, no canto da construción máis galega *ir + infinitivo*, sen a presenza da preposición *a*. Xa todos nos estamos afacendo a escoitar: **imos a proceder á votación, *vaise a construír unha variante, *van a comezar*, etc.

Hai que salientar igualmente a ausencia case total de determinadas perífrases verbais moi galegas que non teñen correspondencia en castelán como *dar en + infinitivo* (*deu en cismar en tal cousa*), *haber* (en perfecto) + *de + infinitivo*, co valor de que estivo a piques de suceder algo, que finalmente non sucedeu (*houben de caer, houbo de cometer un grave erro*).

2.2.9. Tendencia a utilizar a forma castelá de determinados adverbios: **aora* (en vez do galego *agora*), **sólo* (en vez de *só*). É moi curioso observar a utilización que fan moitos da forma *sólo*, pero cando utilizan o derivado do adxectivo *só*, *soa* co sufixo adverbial *-mente* utilizan *somentes*, sen poñer en relación ambas as formas.

2.2.10. Certa resistencia ao uso das preposicións *sen* e *segundo*, que son substituídas polas correspondentes formas castelás **sin* e **según*.

2.2.11. Algo semellante ocorre coa conxunción condicional *se*, que é sistematicamente substituída pola castelá **si*. Obsérvase tamén unha ausencia case xeral das conxuncións comparativas *coma* e *ca*, que son substituídas por *como* e *que*.

2.2.12. Tendencia a transferir ao seu galego a norma do castelán de utilización da preposición *a* introducindo o complemento directo: *imitar á natureza*, *mataron a dous gardas*, en vez de *imitar a natureza* e *mataron dous gardas*.

2.2.13. Adquiren un nivel alto de utilización certas construcións pronominais con verbos que en galego non admiten a construción co pronome : **lavarse as mans*, **amallorarse os zapatos*, **cortarse o pelo*.

2.2.14. Probablemente a interferencia máis grave de carácter morfosintáctico que se está producindo nesta modalidade do galego sexa a colocación das formas átonas do pronome persoal: **¿a pintas?*, **¿conserverase ou non conserverase?*. A dimensión deste problema, polo seu nivel de xeneralización, é gravísima: o que comezou sendo unha interferencia do castelán, acabou xerando unha situación realmente caótica, na que existe un número considerable de falantes urbanos que colocan os pronomes ao chou, sen se aterren á norma do galego, pero sen se aterren tampouco á norma do castelán.

2.3. Léxico e semántica

2.3.1. Ten presenza neste galego un gran número de castellanismos plenos. Resultan especialmente impactantes formas do tipo **verdad*, **sociedad* (pronunciadas ademais non coa realización recomendada en castelán do *-d* final como unha consoante sonora máis ou menos relaxada, senón cunha realización dunha fricativa interdental xorda: *verdaz*, *sociedadz*).

2.3.2. Outra característica deste tipo de galego é que cando nesta lingua existen sinónimos, un dos cales ten correspondente formal en castelán e o outro non, téndese a botar man da voz que coincide co castelán. Tal ocorre, por ex., con *esquecer*, que aparece totalmente esquecido en favor de *olvidar*, ou *bágoa* (coa súa variante *bagulla*) que é substituída case sempre por *lágrima*.

2.3.3. A interferencia do léxico nesta variedade de fala non só se produce na adopción de significantes procedentes do castelán, senón tamén a través de castellanismos semánticos, coma os que atopamos adoito asociados a palabras como *inversión* co significado de ‘investimento’, cando en galego só ten o de ‘acción e efecto de dar a volta’ ou *adoecer* co significado castelán de ‘carecer’, que non existe na lingua galega.

2.3.4. A mesma análise poderíamola facer na fraseoloxía, na que se produce un calco da fraseoloxía castelá e un descoñecemento preocupante dos recursos que posúe a lingua galega.

3. Un modelo de galego instalado en grupos sociais de prestixio

É un modelo de galego deturpado e interferido, pero que está instalado en grupos sociais con prestixio, e que polo tanto atrae un número cada vez maior de falantes. Este é un feito gravísimo. Os grupos sociais dominantes son os que xeralmente orientan o futuro das linguas. O proceso de substitución do galego polo castelán produciuse, entre outros factores que non vén ao caso analizar aquí, porque as clases dominantes se instalaram no castelán, e por un proceso de mimese debido á vontade de ascenso na escala social as clases baixas tenderon a imitar o comportamento lingüístico das clases altas. Agora estase a producir algo semellante: a lingua galega conseguiu en certo modo perder o estigma de lingua asociada ao atraso, á pobreza, á incultura, e hoxe podemos dicir que existen sectores moi importantes da nosa sociedade, elites culturais e mesmo políticas, que se expresan habitualmente en lingua galega. Son precisamente estes sectores con poder político ou con prestixio social os que van ser imitados polo resto da sociedade, e se estes sectores ofrecen un modelo lingüístico desnaturalizado, desenraizado, será este modelo lingüístico o que estean a difundir de maneira consciente ou inconsciente.

Antes o poder convidaba á sociedade a incorporarse ao castelán, agora o poder ofrécelle á sociedade un modelo lingüístico que lle vende como galego, pero que en realidade ten un efecto nefasto en dúas direccións:

a) Está deturpando o propio galego, atacando elementos fundamentais do seu sistema lingüístico, e achegándoo perigosamente ao castelán, co perigo certo de que, de seguir avanzando nesta dirección, esta modalidade se acabe convertendo nunha variante que pode ser incorporada á lingua castelá como un dialecto máis sen grandes problemas. É a substitución lingüística a través da deturpación dos sistemas, cando se trata de linguas próximas, en que a lingua máis débil se ve continuamente interferida pola lingua poderosa ata perder a súa personalidade diferenciadora e confundirse con ela.

b) Implicitamente está xerando un complexo de minusvaloración da variedade auténtica propia de moitos galegofalantes, que ven como a súa variante lingüística segue sen ter valor social, porque non é a propia dos que están instalados no poder. Antes o poder exercíase desde o castelán, agora exércese desde esta varie-

dade do galego, pero o galego “de verdade” segue lonxe do mundo do prestixio. En fin, a necesidade de distinguirse lingüisticamente as clases dominantes: antes a través do castelán, agora a través dunha variedade que se vende como “galego”, pero que teño moitas dúbidas de se en realidade non o despreza.

Isto vese claramente nun estudo levado a cabo recentemente pola Real Academia Galega (véx. M. González et al. 2003), no que se fixo unha medición indirecta das actitudes da nosa mocidade cara ás diferentes variedades lingüísticas, e no que se constatou que os que se expresan nas variedades lingüísticas galegas máis auténticas son percibidos como persoas pouco dotadas para o éxito social, mentres que os que se expresan nunha variedade de galego con fonética próxima á do castelán e con trazos coma os descritos como propios do novo galego urbano, son caracterizados como un grupo socialmente competente, innovador e asociado ao poder e ao progreso. Non teño dúbida de que esta percepción social é o resultado do modelo lingüístico galego que as nosas clases dirixentes e os medios de comunicación social lle están ofrecendo ao resto da sociedade.

4. Un modelo en progresión

Este novo galego urbano formouse a través da interferencia do sistema lingüístico do castelán, e xerouse no grupo social dos neofalantes do galego. A súa existencia era previsible e, eu diría, que case necesaria. No momento en que cómpre incorporar ou reincorporar ao galego un grupo numeroso de persoas que estaban instaladas xa en castelán é normal que aparezan nestes sectores variantes lingüísticas galegas considerablemente interferidas polo castelán. Este feito sería aceptable se se tratase dun fenómeno controlado, que non rebasase certos límites. Pero o problema é preocupante:

- a) porque se converteu nun modelo de aceptación social e asociado ao progreso, que foi adoptado por unha parte importante dos que posúen o poder real ou simbólico no noso país.
- b) porque esta modalidade de galego que podería ser aceptable como unha fase de tránsito nun grupo de neofalantes e que, como transitoria, debería superarse canto antes, estase estendendo tamén a falantes que teñen o galego como lingua materna, e que consideran que esta variedade lles dá un maior prestixio social.
- c) porque están aparecendo xa as primeiras xeracións que teñen esta variedade de novo galego urbano como lingua materna.

d) porque ten unha especial vitalidade nas cidades, e é nas cidades precisamente onde se xoga o futuro da lingua galega.

5. Responsables

Non quixera pecar de simplista á hora de analizar os responsables da extensión deste fenómeno ao que non se lle pon couto a través de ningunha medida eficaz, pero calquera pode decatarse de que hai elementos que nos están vendendo día a día e dunha maneira inconsciente esta modalidade de galego:

a) Unha parte importante da nosa clase política e dirixente, que mostra moi pouco interese por lograr un nivel de lingua aceptable. Hai casos de intervencións públicas dalgún dos nosos dirixentes que lindan coa burla e coa desvergonza, porque utilizan unha modalidade lingüística que realmente non se sabe ben a que lingua asignar.

b) Os medios de comunicación social, sobre todo as radios e as televisións. Alguén pode pensar que ao facelos responsables de difundir este modelo de galego, estou convidándoos a non utilizaren a nosa lingua. Nada máis lonxe da realidade: aos medios de comunicación hai que axudalos e animalos a usaren de maneira sistemática a lingua galega, porque esta é a lingua propia do noso país, pero isto non os exime dun mínimo de ética profesional que pase por asumir o feito de que ninguén dá o que non ten: non se pode poñer nun medio de comunicación á fronte dunha transmisión de calquera tipo en galego unha persoa que é incapaz de dicir dúas palabras seguidas nesta lingua.

c) Unha relaxación na vixilancia da calidade lingüística en lugares simbólicos: hai, por exemplo, anuncios nos medios de comunicación que fan saltar as alarmas, e son anuncios que chegan repetidas veces ao oído de todos os galegos. O fenómeno resulta especialmente grave cando se trata de anuncios de carácter institucional.

Un exemplo paradigmático de desidia institucional é o ofrecido polo *Diario de sesións do Parlamento de Galicia*. Non é admisible que nun texto co valor simbólico que ten o Diario que recolle as sesións do noso Parlamento, que debería ter un respecto exquisito para a nosa lingua, non exista unha elemental corrección lingüística. Abramos por onde abramos calquera Diario de sesións atopamos textos coma os seguintes, dos que omitirei datas e autores:

“En todo caso, lles quero recordar e lles volverei a recordar máis tarde de que si se aproba esta tramitación, como parece evidente, se abrirá un prazo de tres días, e lles quero recordar que é...”

“Me houbera gustado que estivera presente o señor conselleiro de Economía e Facenda pero, en calquera caso, bueno, pois toca defender a emenda á totalidade presentada polo noso grupo”

d) O profesorado é tradicionalmente en todas as linguas un piar importante na difusión de modelos lingüísticos caracterizados pola súa corrección idiomática. Dóeme dicir que no caso do galego con moita frecuencia non é así. Hai que valorar positivamente o esforzo que algúns profesores fixeron para adoptar o galego como lingua vehicular do ensino, iso hai que agradecerlo, pero hai que pedir-lles un pouco máis, un pequeno esforzo complementario para que ese galego acade un nivel de calidade que sexa aceptable, porque o profesorado é un elemento nuclear na formación dos nosos nenos nun momento no que estes están asentando as estruturas lingüísticas. A lingua que utiliza tende a ser imitada, sobre todo en certas idades, de maneira inconsciente polos alumnos. E non podemos dicir que o modelo lingüístico do galego transmitido por unha parte do profesorado sexa digno de ser imitado polos alumnos que teñen a obriga de formar, tamén lingüisticamente. O problema é máis preocupante cando os transmisores de modelos fortemente contaminados son profesores de galego. Son poucos casos, pero hainos.

6. Cabo

En síntese, tratamos de mostrar que o chamado “novo galego urbano” é un sociolecto de aparición relativamente recente, fortemente interferido polo castelán, que atenta contra a personalidade do idioma galego en elementos importantes do plano fonético, morfosintáctico e léxico-semántico. O desenvolvemento deste sociolecto é grave porque contribúe ao proceso de desaparición do galego a través dunha vía sutil e moitas veces imperceptible para amplos sectores da sociedade: o da perda dos elementos diferenciais máis caracterizadores dunha lingua, achegándoa insensiblemente ás estruturas doutra lingua de prestixio que lle serve de teito, neste caso o castelán. Neste momento o fenómeno é preocupante porque se trata dun modelo en expansión, cunha implantación cada día maior en grupos sociais prestixiados e en medios que actúan como modelos e como referentes, tamén lingüisticamente: é a variedade que utiliza unha parte non insignificante dos nosos políticos e líderes sindicais, do noso

profesorado (chegando mesmo ao de lingua galega) e que ten unha presenza notable en certos medios de comunicación social. A súa presenza nestes referentes sociais ten como consecuencia que esteamos diante dunha modalidade prestixiada que inconscientemente moitos galegos tenden a imitar. É polo tanto un sociolecto que hai que tratar de reconducir e reintegrar dentro das estruturas propias da lingua galega.

Bibliografía

- Dubert García, F. (2002): “Os sociolectos galegos”, *Cadernos de lingua*, 24 (2002), páxs. 5-27.
- González González, M. et al. (2003): *O galego segundo a mocidade*. A Coruña: Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística.
- Regueira, X. L. (1999): “Estándar oral e variación social da lingua galega”, en R. Álvarez e D. Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, páxs. 855-875.